

*Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.*

A Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro), establece na súa disposición adicional cuarta, en que se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da dita orde, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de persoas beneficiarias posible.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 10, do 15 de xaneiro), na seguinte contía e aplicación orzamentaria, que figura dotada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322C.470.1, código de proxecto 2009 01001 polo importe de 1.678.535,63 euros.

#### Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

#### Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 22 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2010.*

O Decreto 332/1995, do 27 de decembro, establece para a Comunidade Autónoma de Galicia as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios coa finalidade de que un maior número de agricultores e gandeiros se poidan beneficiar das vantaxes que supoñen os seguros como un instrumento que lles permite facer fronte ás perdas económicas que poidan ter nas súas producións como consecuencia da actuación de axentes alleos, como o clima, enfermidades e outros.

Tendo en conta a evolución da contratación de seguros agrarios nas últimas campañas, as recomendacións da Comisión Europea en canto a contías máximas de subvención por tipos de seguros e coberturas, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, é necesario regular mediante esta orde determinados aspectos das axudas para fomentar a contratación de seguros agrarios durante o ano 2010.

Conforme o previsto no artigo 5 do título II da Lei 87/1978, do 28 de decembro, e o regulamento que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, a Entidade Estatal de Seguros Agrarios elaborou o Plan de Seguros Agrarios Combinados para o exercicio 2010, cuxo contido se axusta ao Acordo de bases para a elaboración dos plans de seguros agrarios combinados para o trienio 2010-2012, aprobado pola Comisión delegada do Goberno para Asuntos Económicos na reunión de 30 de xullo de 2009, para cuxa elaboración a Consellería do Medio Rural achegou varios traballos.

No plan determínanse as distintas porcentaxes de subvención que lle corresponden á Administración do Estado, que achegará Enesa, nos diferentes grupos de liñas de seguro e os criterios para a súa asignación; os estudos de viabilidade e as condicións de cobertura; as novas liñas de seguro ou garantías adicionais que se poden incorporar como novidades; a elaboración e revisión das normas de peritación, as datas de subscripción e prazos de elaboración de cada seguro e demais cuestións relacionadas co plan.

O Plan anual de Seguros Agrarios foi aprobado para o ano 2010 polo Acordo do Consello de Ministros do 18 de decembro de 2009.

Mediante esta orde, e en desenvolvemento do previsto no Decreto 332/1995, do 27 de decembro, a Comunidade Autónoma de Galicia participará nas subvencións que financien as pólizas de seguro que se prevexan no plan anual estatal, co fin de fomentar a contratación de seguros agrarios.